XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

IES Francisco Asorey
Rúa Os Caeiros,25
Cambados

ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR

Convocatoria de Eleccións no sector de PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

De acordo coa Resolución do 27 de agosto de 2026, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG 04/09) , a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar no **sector de PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), redactado conforme ó establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro), e co disposto no artigo 38 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto), **corresponde elixir no presente proceso electoral a un representante do persoal de administración e servizos**, dun total de un que debe ter o Consello Escolar.

2. Son electores todos os integrantes do persoal de administración e servizos do centro sempre que estean vinculados ao mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral e incluídos no Censo correspondente, que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 9 de novembro de 2026**.

3. Son elixibles todos os integrantes do persoal de administración e servizos do centro que estean vinculados ao mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o día día da data **ata as 14:00 horas do día 3 de novembro de 2026**.

4. A Mesa Electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, a Secretaria do centro e o membro do persoal de administración e servizos de maior idade.

5. A campaña electoral comprenderá desde o día **16 ata o 18 de novembro de 2026**, ámbolos dous inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao Presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento do centro educativo.

6. As votacións levaranse a cabo durante o día **24 de novembro de 2026** entre as 14:00 e as 14:30 horas. A Mesa Electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:45 horas.

7. Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado, e non se admitirá o voto por correo.

8. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

9. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Cambados, 23 de outubro de 2026

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN · I.E.S. "F. ASOREY" · CAMBADOS

Asdo.: David Touceda Bugalla